

SERVIZO DE TRABALLO SOCIAL DA ÁREA SANITARIA DE PONTEVEDRA E O SALNÉS



PRESENTACIÓN DO SERVIZO

O Servizo de Traballo Social é un servizo integrado, constituído por unidades de atención, tanto no ámbito da atención primaria como da atención especializada, que comparte con outros servizos sanitarios a misión de proporcionar unha asistencia sanitaria integral e de calidade, incorporando a dimensión social. Os seus obxectivos son:

- Identificar e avaliar os factores sociais que inciden no proceso de saúde-enfermidade.
- Intervir nas necesidades e problemas sociais que xorden, se manifestan ou se agudizan nese proceso.
- Contribuír á optimización e uso eficiente dos servizos sanitarios.
- Promover e participar nos programas de promoción e prevención da saúde comunitaria.

Trátase dun apoio profesional que garante a continuidade asistencial. Partindo das necesidades sanitarias, considéranse tamén as posibilidades sociais que favorecen a atención e a recuperación.

O acceso ao servizo pode realizarse a demanda, por derivación doutros profesionais ou institucións ou a través de programas específicos definidos desde a propia organización.

EQUIPO HUMANO

Xefa de servizo	Beatriz-Aranzazu Soto Caba
------------------------	----------------------------

Traballadoras sociais	3 Hospital Montecelo 2 Hospital Provincial 1 Hospital Público do Salnés 5 Saúde mental
------------------------------	---

Traballadoras sociais	S.A.P. Bueu S.A.P. Caldas de Reis S.A.P. Cambados S.A.P. O Grove
------------------------------	---

	S.A.P. Marín
	S.A.P. Pontevedra (3)
	S.A.P. Vilagarcía

LOCALIZACIÓN E CONTACTO

Hospital Montecelo: na área de consultas. Planta -1.

- **Teléfono: 986 800 000**
- Consulta I. Extensión 288 340
- Consulta II. Extensión 288 030

Hospital Provincial:

- **Teléfono: 986 800 000**
- Consulta I. Primeira planta. Extensión 287 006
- Consulta II. Terceira planta. Extensión 287 358
- Consulta III. Psiquiatría hospitalización. Extensión 287 169
- Consulta IV. Psiquiatría Hospital de día e Equipo de Continuidade de Coidados (ECC). Extensión 287 242

Hospital do Salnés:

- **Teléfono: 986 568 000**
- Consulta I. Extensión 284 193

Unidades de Saúde Mental:

- Mollavao. Teléfono: 986 800 219, extensión 288 220
- Lérez. Teléfono: 986 870 800
- Vilagarcía de Arousa. Teléfono: 986 565 063
- A Parda. Teléfono: 986 800 205, extensión 283 718

Servizos de atención primaria:

- Bueu. Teléfono: 986 323 313, extensión 283 393
- Cambados. Teléfono: 986 524 150, extensión 283 418
- Caldas de Reis. Teléfono: 986 540 112, extensión 282 411
- O Grove. Teléfono: 986 731 049, extensión 282 347
- Marín. Teléfono: 986 883 580, extensión 282 116
- Pontevedra, A Parda. Teléfono: 986 868 824, extensión 283 718
- Pontevedra, Lérez. Teléfono: 986 863 027, extensión 282 233
- Pontevedra, Virxe Peregrina. Teléfono: 986 860 602, extensión 283 032
- Vilagarcía de Arousa. Teléfono: 986 510 306, extensión 282 633

CARTEIRA DE SERVIZOS

A. Consultoría social e familiar. Inclúe información, orientación e asesoramento sobre:

- Reorganización de roles familiares, estratexias persoais-familiares de afrontamento ao redor dos coidados.
- Apoio social dispoñible nos distintos sistemas de protección social e o terceiro sector.
- Activos comunitarios que poidan incidir na saúde.

- Atención sanitaria. Vías de acceso, prestacións e servizos.
- B. Valoración social:
- Exploración.
 - Detección de situacións de risco.
 - Identificación de factores de protección.
 - Priorización de necesidades.
- C. Diagnóstico social:
- Definición do problema.
 - Análise e síntese da situación.
 - Determinación de accións que hai que realizar.
- D. Intervención social.
- I. Individual:
- Apoio psicosocial, incluíndo o final da vida, o duelo etc.
 - Desenvolvemento de actividades de protección de carácter social ou xurídico en situacións de desprotección ou vulnerabilidade.
 - Traballo social clínico.
 - Mediación nas desorganizacións/rupturas familiares.
 - Seguimento tras a alta e acompañamento no proceso de integración social.
- II. Grupal:
- Grupos de axuda mutua.
 - Grupos de promoción da saúde.
- III. Comunitaria:
- Deseño e desenvolvemento de procesos de identificación de activos.
 - Participación no diagnóstico comunitario.
 - Participación en programas de desenvolvemento comunitario.
- E. Enlace coa rede comunitaria:
- Coordinación sociosanitaria.
 - Coordinación e apoio ás asociacións de pacientes e organizacións de voluntariado.
- F. Tramitación de prestacións, recursos ou servizos.
- G. Documentación:
- Informes sociais.
 - Outros informes para o tratamento e derivación a outros centros ou unidades.

DOCENCIA

- Rotacións de alumnos/as E.I.R. en atención primaria.
- Centro colaborador de prácticas de alumnos/as do Grao en Traballo Social.

LIGAZÓNS RELACIONADAS

- <https://aetabajosocialysalud.es/>
- <https://trabajosocialsanitario.blogues.uoc.edu/>
- <https://scetss.org/>

